



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 10 DE FEBREIRO DE 2020

LICENZAS FAVORABLES

LIC/2057/2019.-JOSE LUIS PIÑEIRO TEJO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para parcelar unha parcela sita en rúa do Redondelo, 1.

LAP/341/2019.- DISEÑO COMPOSTELA ARQUITECTURA, S. C.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza de obra nova para edificación de tanatorio na rúa Boisaca nº 11.

LIC/936/2019.- MARIA RAQUEL CARBALLIDO REBOREDO.- Conceder licenza para derruba de vivenda e construción de vivenda unifamiliar entre medianeiras na rúa Canteira de Arriba, 35.

1.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para parcelar unha parcela sita en rúa do Redondelo, 1. LIC/2057/2019. Acéptase a cesión e concédese a licenza.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza de obra nova para edificación de tanatorio na rúa Boisaca nº 11. LAP/341/2019. Acéptase a cesión e concédese a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para derruba de vivenda e construción de vivenda unifamiliar entre medianeiras na rúa Canteira de Arriba, 35. LIC/936/2019. Concédese a licenza.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán relativa á aprobación do expediente de "Subministración de prendas de uniformidade para a Policía Local 2018 (LOTE A: Prendas de confección a medida. LOTE B: Complementos. LOTE C: Calzado. LOTE D: Prendas para a auga"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o expediente, o gasto e a apertura do procedemento de adxudicación, cun tipo de licitación de: Lote A, 41.950 €; Lote B, 37.827 €; Lote C, 18.539,99 €; e Lote D, 1.528 € (todas as cantidades con IVE incluído).

5.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán relativa á adxudicación do contrato de "Servizo de arranxo de tres vehículos do servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela". Adxudícase o contrato á empresa Ricarsat, SL, por un importe de 95.416,97 euros (IVE incluído).

6.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán relativa á adxudicación do contrato de "Subministración, instalación e posta en marcha dunha lavadora con barreira sanitaria para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela". Adxudícase o contrato á empresa M. Matos y R. Becerra, SL, por un importe de 37.994 euros (IVE incluído).

7.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade para dar conta da concesión dunha subvención ao transporte colectivo urbano interior. Dáse conta da concesión dunha subvención por importe de 437.174,28 euros por parte do Ministerio de Facenda.

8.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza do contrato de "Subministro e instalación do sistema de climatización do Centro Xove de Creación Cultural". Autorízase a devolución da fianza de 1.086,67 euros constituída pola empresa IAM Rumbo, SL

9.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza do contrato de "Mellora de seguridade vial na rúa Cañoteira (Plan DTC 93 adicional 1/2014, 2ª Fase)". Autorízase a devolución da fianza de 6.250,32 euros constituída pola empresa Marconsa Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, SL.

10.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza do contrato de "Obras incluídas no proxecto de mantemento e conservación nos accesos ó Polígono industrial do Tambre". Autorízase a devolución da fianza de 4.383,17 euros constituída pola empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones, SA.

11.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza do contrato de "Execución do proxecto de obras de Reforzo do firme en San Marcos, obras incluídas no POS Adicional 1/2011 da Excm. Deputación Provincial da Coruña". Autorízase a devolución da fianza de 3.867,60 euros constituída pola empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones, SA.

12.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza do contrato de "Servizo de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios municipais do termo municipal excluído o ámbito do recinto intramuros da Cidade Histórica de Santiago de Compostela (2016). Lote 1: Ámbito plan especial PE-1 da Cidade Histórica excluído o recinto intramuros. Lote 2: Ámbito urbano e periurbano excluído o plan especial PE-1 da Cidade Histórica. Lote 3: Ámbito medio rural". Autorízase a devolución das fianzas, por importe de 9.297,52 €, 28.925,62 € e 11.363,54 € constituídas pola empresa Obras y Viales de Galicia, SL.

13.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución de fianza do contrato de "Conexión exterior de instalacións existentes das redes e servizos campo de fútbol de Conxo". Autorízase a devolución da fianza de 4.013,39 euros constituída pola empresa Atlántica de Construcción y Medio Ambiente, SL.

14.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á devolución da fianza definitiva constituída para responder do contrato de colaboración na xestión integral dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano. Autorízase a devolución da fianza de 18.000 euros constituída pola empresa agora denominada Servicios de Colaboración Integral, SL.

15.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á solicitude de autorización para o uso do estadio municipal VERONICA BOQUETE de San Lázaro e campo de adestramento de San Lázaro II para unha concentración de escolas de rugby. Autorízase o uso a devandita concentración, prevista para o 15 de febreiro.

16.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á desestimación do recurso de reposición interposto contra a resolución da sesión de 29.12.17, denegatorio do pagamento dunha subvención. Desestímase o recurso

17.- Proposta da Alcaldía relativa á solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia para o fomento do emprego e mellora de empregabilidade no ámbito da colaboración coas entidades locais para o exercicio 2020. Apróbase a solicitude da subvención, por un importe de 9.600 euros para a contratación de dous/dúas traballadores/as para o programa de socorrismo nas praias fluviais de Chaián e O Refuxio.

18.- Proposta da Alcaldía relativa á cesión temporal dunha serie de obras do fondo do arquivo municipal, co gallo de seren exhibidas na exposición "A imaxe das festas do Apóstolo" de xuño a setembro de 2020. Apróbase a cesión temporal de programa e carteis de diversos anos para a devandita exposición.

URXENCIAS

1.- Proposta da Alcaldía sobre perda sobrevida do obxecto procesual no PO 155/2019 CA 2, relativo á “Dirección pedagóxica, docencia e organización das actividades da Escola Municipal de Música (CON/7/2018). Acórdase a desestimación daquela acción xudicial e que, previo traslado do acordo á Asesoría Xurídica municipal, se realicen os trámites procesuais necesarios para executar este acordo.

2.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde, Medio Ambiente e Parques e Xardíns relativa á adxudicación do “Contrato baseado nun acordo marco para a contratación da subministración de electricidade en alta e baixa tensión a través da Central de Contratación da FEMP”. Adxudícase o contrato á empresa Endesa Energía. O gasto para os exercicios 2020 e 2021 será de 3.475.158,79 euros.

3.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local relativa á modificación do contrato de subscripción dunha póliza de seguro para cobertura de riscos patrimoniais, persoais e de responsabilidade civil derivada do uso de vehículos de motor que integran o parque móbil do Concello de Santiago de Compostela. Apróbase a modificación do contrato suscrito coa sociedade Bilbao, Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros, de xeito que se dean de alta tres vehículos, dous de Bombeiros e un de Protección Civil, procedendo á súa vez á baixa de dous vehículos.